

## ANEXO - PLAN DE CONVIVENCIA E COOPERACIÓN

### O ALUMNADO NON PODERÁ FACER USO DO MÓBIL NO CENTRO EDUCATIVO EN XORNADA ESCOLAR

#### MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA:

**DECRETO 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

**Artigo 19.** Normas de convivencia

**Punto 4.** Así mesmo, prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica.

**Plan de convivencia e cooperación** aprobado polo Consello Escolar con data 30 de xuño de 2021.

#### MOTIVOS DA CONCRECIÓN DE MEDIDAS:

O centro educativo permitiu ata o curso 2022-2023 que o alumnado viñera con móbiles ao centro educativo creando situacións tipificadas como "condutas contrarias á convivencia":

1. Uso do móbil en horario de clase sen autorización.
2. Uso do móbil como ferramenta para copiar en exames e probas de avaliación.
3. Uso do móbil para captar imaxes sen autorización (profesorado, alumnado, exames...)
4. Manipulación e/ou deterioro de móbiles por compañeiros con/sen coñecemento do titular.
5. Uso inadecuado de aplicación de mensaxería ou redes sociais (con risco de ciberacoso).

#### TENDO EN CONTA TODO ANTERIOR, ESTABLÉCENSE AS SEGUINTE MEDIDAS:

1º Prohíbese facer uso do móbil e outros dispositivos electrónicos, no centro educativo (edificio e recinto escolar) en todo o horario lectivo (horas de clase e recreos).

2º De facer uso do móbil no centro durante a xornada escolar será amoestado coa consideración de conduta leve contraria á convivencia, "acto inxustificado", e poderán aplicarse

medidas correctoras. Manterase a medida de retirada do móbil, establecida no Plan de convivencia e cooperación.

3° De amosar esta conduta, tipificada como conduta leve contraria á convivencia, de xeito reiterado, procederase á consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

4° **Con carácter excepcional**, poderase facer uso do móbil, soamente no caso de realizarse algunha "actividade complementaria e extraescolar" fóra do centro e que dure máis tempo que o establecido na xornada escolar, coa debida comunicación por parte do profesorado.

5° **Con carácter excepcional**, poderase facer uso do móbil como ferramenta pedagóxica sempre que estea debidamente establecido nas programacións didácticas e coa debida comunicación por parte do profesorado.

6° **Con carácter excepcional**, poderá utilizar o móbil o alumnado que por motivos de saúde (alerta escolar) o precise para control de medidas (por exemplo, no caso de diabetes), ou en outras situacións nas que o requiran e sempre sexa debidamente xustificado.

7° De precisar poñerse en contacto cos proxenitores ou representantes legais poderá facerse dende a conserxería do centro.

Medida aprobada polo Consello Escolar con data 18 de setembro de 2023